



**Expte. Cividas: 2018020744**

**DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica**

Visto o informe-proposta elaborado, pola titular en funcións (Decreto da Concellería de Recursos Humanos nº 2018004476, de data 28/06/2018) do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 29 de xuño, refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita polas Concellerías de Servizos Xerais e Facenda, mediante providencia conxunta de data 25 de xuño, visto o informe favorable de fiscalización emitido pola Intervención Xeral en data 01 de agosto de 2018, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO** :

**1.- Aprobar a modificación orzamentaria 20-T/2018, utilizando a figura das transferencias de crédito** entre aplicacións encadradas na mesma área de gasto, nos seguintes termos:

**Área de gasto 9**

**A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO**

Aplicación	Descrición	Importe
N130.9202.22201	Comunicacións postais Servizos Xerais	127.141,00 €
<b>Total Transf. Positivas:</b>		<b>127.141,00 €</b>

**B) APLICACIÓN QUE TRANSFIRE CRÉDITO**

Aplicación	Descrición	Importe
N110.9320.22201	Comunicacións Recadación	127.141,00 €
<b>Total Transf. Negativas:</b>		<b>127.141,00 €</b>

**2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal** aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

